

ANEXO A PROGRAMACIÓN:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CMUS PROFESIONAL DE A CORUÑA

CURSO:TODOS

MATERIA: Idiomas aplicados

DEPARTAMENTO:Canto

DATA:8-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Mínimos esixibles.
2. Procedementos de avaliación e cualificación.
3. Criterios de cualificación.
4. Instrumentos de avaliación.
5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)
6. Información e publicidade.

1. Mínimos esixibles.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 3	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

Serán mínimos esixibles os contemplados na programación **ata a segunda avaliación**.

Os mínimos esixibles correspondentes a terceira avaliación impartiranse no curso seguinte.

2. Procedementos de avaliación e cualificación.

Observación da actividade desenvolvida na terceira avaliación ou nas actividades de recuperación propostas.

Avaliación dos traballos de transcripción entregados.

O alumnado que non acadase os mínimos esixibles correspondentes as dúas primeiras avaliacións ou que non puido ser avaliado de forma continua, terá que realizar por vía telemática unha proba individual, para a que será convocado por correo electrónico e a través de Centrosnet.

A cualificación final será a correspondente coa cualificación obtida nesta proba que consistirá no envío por calquera medio dispoñible (correo electrónico, whatsapp, etc.) dunha transcripción fonética dos idiomas correspondentes ao curso e unha gravación da lectura de textos en cada idioma, que constará dun texto regular sen transcribir e unha transcripción fonética xa realizada.

3. Criterios de cualificación.

Empregaranse os que constan na programación, aínda que non serán tidos en conta os criterios de avaliación nin de cualificación que supoñan actividades presenciais coma as audicións ou a asistencia.

3.1 .- O alumnado que tivese a segunda avaliación aprobada: se cualificará coa nota media das dúas primeiras avaliacións.

- No caso de que a media fora menor ca nota da segunda avaliación, manterase esta.
- A cualificación final poderá aumentarse en función das actividades desenvolvidas polo alumno por vía telemática na terceira avaliación ata un máximo de dous puntos.

3.2.- O alumnado que tivese a segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de forma continua:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 3	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

- A cualificación será a da proba descrita no apartado anterior, cos seguintes criterios:
 - Transcrición: 40%
 - Lectura de texto regular: 40%
 - Lectura de transcrición fonética: 20%

4. Instrumentos de avaliación.

4.1.- PARA OS EXERCICIOS DE LECTURA: envío de gravacións sonoras das lecturas de texto propostas ben por medios telemáticos en tempo real: vídeo chamada (whatsapp, zoom, skype, etc.) ou ben a través de gravacións sonoras a través do correo electrónico ou o whatsapp.

4.2.- PARA OS EXERCICIOS ESCRITOS: envío dos exercicios de transcrición en formato word, pdf, ou arquivo de imaxe (en caso de fotografar textos manuscritos) a través do correo electrónico ou do whatsapp.

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

Realizaranse actividades de lectura de textos, envío de gravacións das lecturas realizadas e exercicios de transcrición fonética dos diferentes idiomas correspondentes ao curso. Asimesmo faranse escoitas de repertorio de diversos estilos nos distintos idiomas con introducións e comentarios previos das obras.

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.